



Museo do Pobo Galego

DÍA INTERNACIONAL DOS MUSEOS
MUSEOS E PAISAXES CULTURAIS
12- 22 de maio



PROGRAMACIÓN

EXPOSICIÓNS

Libros Conversos.
Andar cos tempos... ou como cribar o gran para mañá.
Bibliográfica Manuel María co gallo do Día das Letras.

XOVES 12

Concerto de Fuliada na Vila. Do blues ó alalá. Jazz interpretado sobre retallos da nosa música tradicional.
Ás 19h30 no Auditorio.

MÉRCORES 18

XORNADA DE PORTAS ABERTAS

ELEVACIÓNS NAS RÚAS

De 11h00 a 14h00 e de 17h00 a 19h00
O 18 de maio e de xeito simultáneo todos os museos participantes, levarán unha peaña á rúa. O obxectivo da acción é convidar, aos axentes culturais e a todas aquelas persoas que se consideren parte da paisaxe cultural da cidade, a subir a un pedestal para posar como un ben prezado. Achégate ate a Porta do Camiño, onde estará situada a peaña do Museo do Pobo.

VISITA GUIADA A LIBROS CONVERSOS

Con Baldo Ramos e Pilar Sampedro
Ás 18h00

Do 19 ao 22 ELEVACIÓN NOS MUSEOS

De xoves a domingo trasladamos as peanas ao interior dos museos para que poidas elevarte como unha peza máis do patrimonio cultural.

XOVES 19

Presentación do proxecto **Patrimonio do Xurés**, con proxección das dúas pezas documentais que Illa Bufarda realizou no marco desta proposta para a Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês –Xurés da que tamén participaron Maos Innovación e Feitoría Verde.
Ás 19h30 no Auditorio do Museo

SÁBADO 21 DE MAIO

RUTA PAISAXE ARQUITECTÓNICA De 10h00 a 11h30

O COAG (Colexio de Arquitectos de Galicia) de Santiago de Compostela, dirixirá unha ruta arquitectónica que percorrerá desde o barrio de San Lázaro até o Casco Vello compostelán. Itinerario: San Lázaro - Camiño Francés - Cruceiro de San Pedro -San Domingos de Bonaval - Praza das Praterías - Praza do Obradoiro.